

**Discurso do Alcalde de Santiago no acto de homenaxe
en lembranza de Antonio Fraguas**

(Parque San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela

28 de decembro de 2005)

Xuntámonos hoxe para lembrar a unha das figuras clave da cultura galega, Antonio Fraguas, don Antonio, que tal día coma hoxe, hai cen anos, nacía na aldea pontevedresa de Loureiro de Cotobade. O seu nome é punto de referencia ineludible no que atinxe á historia, a xeografía, a paisaxe, a antropoloxía e as tradicións galegas, e aínda máis para os que sabemos que a súa modesta erudición partiu sempre do coñecemento directo das nosas ideas, crenzas e costumes.

Sabemos que froito do seu traballo de incansable investigador e mestre, Antón Fraguas foi recoñecido ao longo da súa extensa vida con numerosas distincións públicas: a medalla Castelao, o Pedrón de Ouro, o Otero Pedrayo e o Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia, institución que tamén lle outorgou o premio de Investigación, entre outras moitas. A súa voz autorizada foi requirida en incontables ocasións para falar das máis diversas materias e actualmente, son numerosas as institucións e os certames que levan o seu nome.

A nosa cidade garda, moi especialmente, o recordo de Antonio Fraguas, pois foi en Santiago onde pasou unha boa parte da súa traxectoria vital. En Compostela viviu e festexou, aquí estudou, ensinou, investigou e colaborou en todos os eidos da cultura. En 1984 foille concedida a Medalla de Prata da Cidade, foi nomeado Fillo Adoptivo, e máis tarde, en 1988, seríalle outorgada a Medalla de Ouro ao mérito cultural e cidadán. No seu discurso, el mesmo sinalaría que Compostela fora “o centro” de toda a súa vida.

Ademais de recoñecer o seu inmenso afán divulgador, desde os seus ensaios, desde a cátedra e a prensa, todos cantos tiveron a oportunidade de compartir a amizade con Don Antonio coinciden nunha cousa: a bondade e sinxeleza que desprendía desde o seu inesgotable humanismo.

Pretendemos hoxe, pois, coa plantación dunha árbore, dar fe, en nome de todos os composteláns, do noso cariño e recoñecemento a unha figura que foi exemplo, como poucas, de bonhomía e de humanidade.

O seu perenne legado intelectual e moral permanece en nós e, como mostra disto, queremos plantar un teixo, unha árbore lonxeva e sempre verde, neste Parque de San Domingos de Bonaval, testemuña viva do paso de don Antonio por Compostela.

O noso desexo é que a árbore que hoxe plantamos sexa o enérxico recordo dun home que se dedicou en corpo e alma á conservación da memoria de Galicia, e que deixou en moitos de nós a pegada indeleble do seu amor á terra. Que as súas ramas medren e se expandan no parque de Bonaval, á vez que as súas raíces afincan paseniño na terra que o viu nacer.

Para el, que nos aprendeu a querer e respectar case cada herba, cada pedra e cada recuncho de Compostela e de Galicia, vaia hoxe o noso máis fondo afecto e admiración.

Moitas grazas